


abril

xunta de goberno



Nº 4 | Abril de 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

A ESCOLA DE PRIMAVERA SERVIRÁ DE PRELUDIO ÁS ASEMBLEAS XERAIS ORDINARIAS 2007

Os días 23, 24 e 25 de maio de 2007 terá lugar en Santiago de Compostela a 2ª Escola de Primavera *Educación Social e Servizos Sociais*. Desde o CEESG concebímola como un espazo de encontro dinámico e participativo, no que reflexionar, intercambiar experiencias e traballar conxuntamente no deseño de liñas de acción que potencien a presenza insubstituíble da Educación Social nos Servizos Sociais. As xornadas ofrécese, pois, como unha plataforma de debate e acción na que todos/as somos imprescindibles para avanzar cara á finalidade que nos propoñemos: reforzar a profesionalización da Educación Social no marco dos Servizos Sociais e potenciar a súa presenza nos procesos de deseño, debate e promoción das Políticas Sociais de Galicia, xunto con outros colectivos profesionais.

Constitúense, pois, como **obxectivos prioritarios da Escola de Primavera:**

- Promover a perspectiva socioeducativa dos servizos sociais.
- Visibilizar experiencias de educación Social que os educadores e educadoras sociais están a desenvolver en distintos programas, recursos e servizos sociais da nosa comunidade Autónoma.
- Potenciar o recoñecemento político, social e profesional da Educación Social nestes contextos.

Invitámosvos a participar nestas xornadas e a presentar as vosas experiencias e reflexións arredor da Educación Social e os Servizos Sociais nos distintos obradoiros simultáneos a través de comunicacións, a partir das que poder traballar conxuntamente na promoción da profesión.

O prazo de inscrición remata o día 18 de maio, e toda a información sobre o programa así como as bases para a elaboración de comunicacións atópanse dispoñibles na web www.colexioeducadores.com. Para favorecer a asistencia, nesta 2ª Edición da Escola de Primavera optamos pola celebración de dúas das súas sesións só en horario de tarde.

Unido a esta actividade dende o CEESG convocamos a Asemblea Xeral Ordinaria 2007. Como sabedes a Xunta Xeral, integrada por todos/as os/as colexiados/as, é o órgano supremo de goberno do colexio e soberano na toma de decisións, e réunese anualmente en Asemblea Xeral para decidir sobre os plans de traballo, a distribución de orzamentos, a avaliación do traballo feito pola Xunta de Goberno e outros asuntos da súa competencia. Nesta ocasión, dado o cambio de Xunta de Goberno por remate da lexislatura actual, celebraranse 2 Asembleas Xerais Ordinarias: A primeira terá lugar o venres 25 de maio, na que se exporán as Memorias do traballo feito no exercicio 2006 e ata agora pola Xunta de Goberno saínte, e se tratará de aprobar unha modificación das cotas colexiais co obxecto de recoñecer unha bonificación aos/as colexiados/as que pese a estar en situación de activo/a cobren menos do salario mínimo, así como outros temas de interese. A segunda Asemblea será o sábado 26 de maio ás 12:30-13:00 na que se aprobarán, se procede, os Plans de Traballo e o Orzamento 2007 da nova Xunta de Goberno Electa. Lembra que se non podes asistir ás Asembleas Xerais, podes delegar o teu voto noutro/a colexiado/a asistente. Entre ambas Asembleas terán lugar as eleccións á Xunta de Goberno do CEESG (o sábado 26 de maio de 10:00 a 11:30). Ao presentarse unha soa candidatura, o voto emitido pode ser a favor (cartolina verde), en contra (cartolina vermella) ou en branco (cartolina branca), podendo exercelo achegándote persoalmente á Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, onde estarán as urnas, ou ben a través de voto por correo, tal como se indicou en notificación persoal por correo e pública a través da web www.colexioeducadores.com. Para as eleccións á Xunta de Goberno do CEESG o voto é persoal e indelegable.

É importante a participación colexial nestes acontecementos, o que sería signo dun colexio forte e dun colectivo profesional implicado no desenvolvemento da Educación Social.

**PARTICIPA.
É O TEU DEREITO E A TÚA OBRIGA.**

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Xuntanza o día 10 de abril con D. Xulio Ignacio Iglesias, Director Xeral de Xustiza, en relación á posible posta en marcha dun programa experimental nos Xulgados de Santiago de Compostela no que tería cabida a participación de educadores/as sociais. Asisten Alfonso Tembrás e Montse Sánchez, tesoureiro e empregada do CEESG.
- ✓ Envío dun escrito á Fundación General de la UNED solicitando que se inclúa a titulación de Educación Social entre as que permiten o acceso ao título de Experto Universitario en "Mediación e Orientación Familiar".
- ✓ Celebración do sorteo público para a elección dos membros da Mesa Electoral para as eleccións á Xunta de Goberno do CEESG e para a elección Censores das Contas do CEESG do período 2003-2007, que tivo lugar o día 16 de abril.
- ✓ Organización e desenvolvemento do *Curso de Educación Afectivo Sexual*, que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña os días 20 e 21 de abril de 2007, impartido por D. Carlos de la Cruz Martín Romo.
- ✓ Presentación do CEESG e do servizo de bolsa de emprego aos alumnos de 3º de Educación Social na Universidade de Santiago, o día 24 de abril. Asisten Alberto Fernández-Sanmamed e Montse Sánchez, Presidente e empregada do CEESG.
- ✓ Presentación do CEESG e do servizo de bolsa de emprego aos alumnos de 3º de Educación Social na Universidade de Vigo, o día 24 de abril. Asisten Luís Ángel Velasco Vaz e Montse Sánchez, Vogal e empregada do CEESG.
- ✓ Participación na Xornada Técnica sobre a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 26 de abril, organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade. Asisten Sofía Riveiro e Ania Piñeiro, colexiadas do CEESG.
- ✓ Asistencia á xornada "Defensa e pulo dos dereitos cidadáns nas administracións públicas", que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 27 de abril. Asiste Jorge Piñeiro, secretario do CEESG.
- ✓ Envío á Secretaría Xeral do Benestar de aportacións á Orde que regulará as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e de emerxencia social.
- ✓ Convocatoria das Dúas Asembleas Xerais Ordinarias 2007 do CEESG, que terán lugar os días 25 e 26 de maio de 2007 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago. Difusión a todos os colexiados/as.
- ✓ Proclamación da única Candidatura Electoral recibida como definitiva e válida, dada a ausencia de reclamacións á mesma. Difusión xunto cos sobres, e papeletas electorais aos colexiados/as que forman parte do censo electoral.
- ✓ Participación na baremación de méritos do proceso selectivo do posto de Educador/a Social para o Centro de Educación Afectivo-Sexual "Quérote".
- ✓ Asistencia á Asemblea Xeral 2007 da Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES) e do *Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*, que tivo lugar os días 27 e 28 de abril en Valencia. Asisten M^o José Fernández e Alfonso Tembrás, Vicepresidenta e Coordinador da Área de Formación e Participación Colexial do CEESG.
- ✓ Recurso de reposición enviado o día 13 de abril ao Concello de A Coruña contra as bases que haberán de rexer a convocatoria para cubrir unha praza de animador sociocultural no Instituto Municipal Coruña Espectáculos, publicadas no BOP de A Coruña de 17 de marzo. Solicítase que se esixa como requisito para participar no procedemento selectivo estar en posesión da diplomatura en educación social ou estar habilitado polo CEESG.
- ✓ Recurso de reposición enviado o día 18 de abril ao Concello de Cambados contra as bases xerais reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes incluídas na oferta de Emprego Público do exercicio 2006 e as bases específicas do proceso selectivo da praza de técnico de xestión cultural e deportiva publicadas no BOP de Pontevedra de 26 de marzo. Solicítase que se esixa como requisito para participar no procedemento selectivo estar en posesión da diplomatura en educación social ou estar habilitado polo CEESG ou subsidiariamente que se restrinja a participación a aquelas persoas que se atopen en posesión dunha diplomatura na rama social ou educativa ou estean habilitados polo CEESG.
- ✓ Recurso de reposición enviado o día 18 de abril ao Concello de Arteixo, contra as bases específicas que rexerán no proceso selectivo correspondente a unha praza vacante de técnico de educación publicadas no BOP de A Coruña de 26 de marzo. Solicítase que se esixa como requisito para participar no procedemento selectivo estar en posesión da diplomatura en educación social ou estar habilitado polo CEESG ou subsidiariamente que se esixa a titulación de Educación Social, Pedagogía ou Psicopedagogía, ou habilitación do CEESG.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista "Perfiles. Revista general de política social" N° 230. Abril 2007. ONCE.
- Aprender en Coruña, n° 17. Setembro 2005. Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña.
- Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (2003): *Guía de recursos para persoas sen fogar*. Cruz Vermella Española.
- Centro de Documentación y Estudios S.I.I.S.: *Red informal de atención en Vitoria-Gasteiz*. Diputación Foral de Álava. Departamento de Bienestar Social.
- Revista *La Voz de Monelos*. Centro cívico municipal de Monelos (Concello de A Coruña)
- Periódico "Infoxove". N° 12. Abril 2007.
- Boletín "Aldizkaria" N° 138. Marzo 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Xornal "Entre Mayores". N° 67. Abril 2007.
- RILO PÉREZ, L. E LÓPEZ HERNÁNDEZ, J.: *Cómo organizar iniciativas de voluntariado*. Plataforma Coruñesa de Voluntariado.
- Memoria de Actividades *Dousmilseis*. Centro Amanecer – María Nazarena
- Memoria de Actividades 2006. Club Internacional de Prensa.

ARTIGO DE INTERESE: A EDUCACIÓN SOCIAL PARA A INCLUSIÓN SOCIAL

A intervención profesional para a inclusión social está ligada a unha metodoloxía de actuación baseada nos itinerarios de inserción sociolaboral. O desenvolvemento destes itinerarios é un reto dadas as características das persoas ás que van dirixidos e os novos perfís de pobreza e exclusión.

Existen moitas definicións sobre o que é un itinerario de inserción, dependendo de onde se lle queira poñer a énfase na intervención; polo seu carácter marcadamente educativo e pola importancia que se lle dá ao proceso de aprendizaxe, destaco a seguinte: "é un proceso educativo de adquisición e posta en práctica de coñecementos relacionados cos distintos ámbitos que afectan á vida dunha persoa, e no que se establecen uns obxectivos e unhas actuacións para acadalos, na maior parte dos casos coa finalidade da mellora da empregabilidade".

Para levar a cabo estes itinerarios é necesaria a utilización de ferramentas para traballar contidos relacionados coa motivación, as competencias socio- persoais, as habilidades pre-laborais, as técnicas de busca activa de emprego... tendo igual importancia o traballo que se realiza de forma individualizada coa persoa como o traballo de grupo.

Por todo isto, dada a formación que recibimos os/as educadores/as sociais en canto a técnicas de traballo en grupo, orientación laboral e intervención con persoas en situación de desvantaxe social, a nosa figura ten pleno sentido nestas intervencións, poñendo en práctica moitos dos coñecementos adquiridos.

Trátase dun traballo de educación social en dúas vertentes: cara ao individuo destinatario da actuación, e cara á sociedade en xeral no que se refire á sensibilización e á posta en práctica de medidas conxuntas para previr e actuar sobre as situacións de exclusión.

Anímovos por tanto aos/as educadores/as que esteades interesados neste ámbito de intervención, a construír un grupo de traballo para indagar sobre novas prácticas e mellorar a eficacia destes itinerarios. Os que o desexedes poñédevos en contacto co CEESG para poder comezar a traballar, convocando unha primeira xuntanza na que estableceremos obxectivos e liñas de traballo.

Silvia Gálvez

Educadora Social do Plan de Inclusión do Concello de Pontevedra
Colexiada n° 3210

FORMACIÓN CONTINUA**FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS****2ª ESCOLA DE PRIMAVERA DO CEESG. EDUCACIÓN SOCIAL E SERVIZOS SOCIAIS****Organiza:** CEESG**Lugar:** Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.**Datas:** 23, 24 e 25 de maio de 2007. Os días 23 e 24 o horario será só de tarde.**Prezo:** Cota especial para colexiados/as, estudantes ou persoas en situación de desemprego: 15 €. Cota xeral: 30 €.**Información:** www.colexioeducadores.com ou contactar directamente co CEESG.

Os asistentes á Escola de Primavera poderán presentar comunicacións. As bases para a súa elaboración e publicación están dispoñibles na web www.colexioeducadores.com.

**I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL** (Cursos a distancia)

- 1) **CURSO DE ORIENTACIÓN SOCIOLABORAL** (125 h.)
- 2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.)
- 3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.)
- 4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS** (125 h.)
- 5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE MULLERES** (100 h.)
- 6) **CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR** (125 h.)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso 1	Cursos 2 e 3	Curso 5	Cursos 4 e 6
Soporte papel	250 €	240 € c/u	200 €	250 € c/u
Soporte CD-ROM	230 €	220 € c/u	180 €	230 € c/u
Soporte Web	200 €	200 € c/u	150 €	200 € c/u

Aplicaráselles un **desconto do 10%** aos/as colexiados/as do CEESG.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.comwww.intervencionsocial.com**NOVAS DOS BOLETÍNS****EMPREGO****Concello de Mondoñedo (Lugo):** Anuncio da convocatoria para a provisión dunha praza de técnico de cultura (DOG de 30/04/07. Bases publicadas no BOP de 22/03/07)**Concello A Lama (Pontevedra):** Anuncio da convocatoria para a provisión de varias prazas. Unha praza de Técnico Local de Emprego. (DOG de 17/04/07. Bases publicadas no BOP de 14/03/07)**Concello de Ponte Caldelas (Pontevedra):** Anuncio das bases para a provisión de varias prazas. Unha praza de Educador/a Familiar. (BOP de 18/04/07)**Concello de Vilaboa (Pontevedra):** Anuncio da oferta de emprego público para 2007. Unha praza de Axente de desenvolvemento local (DOG de 23/04/07)**Concello de Arteixo (A Coruña):** Convocatoria de bases xerais e específicas do proceso selectivo para a cobertura do posto de Técnico Medio de Educación (BOP de 26/04/07)**Concello de Tomiño (Pontevedra):** Resolución referente á convocatoria para prover unha praza: unha praza de Técnico Local de Emprego (BOE de 28/04/07)**OUTROS****Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se convocan subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción e á formación de mulleres (DOG de 25/04/07)**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde do 13 de abril pola que se modifica a do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores (DOG de 25/04/07)**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se establecen as bases que rexen as axudas para a adquisición de equipamentos e actividades programadas por entidades prestadoras de servizos á xuventude (DOG de 20/04/07)**Presidencia da Xunta de Galicia:** Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia (DOG de 13/04/07)**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:** Resolución pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións para actividades formativas e de sensibilización que desenvolvan as organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento (DOG de 19/04/07)**Consellería de Sanidade:** Orde pola que se regula a integración funcional dos centros de alcoholismo e de atención ás dorogodependencias non alcohólicas no Servizo Galego de Saúde (DOG de 28/03/07)**Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se convocan subvencións na área de Servizos Sociais (BOE de 13/04/2007)**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se convoca a II edición do premio *Eu tamén navegar: para unha Galicia sen violencia de xénero* (DOG de 20/04/07)**OUTRAS CONVOCATORIAS****PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE ACCIÓN SOCIAL****Convoca:** Obra Social Fundación La Caixa.**Obxecto:** As liñas de actuación prioritarias serán para apoiar proxectos de promoción da saúde e mellora da calidade de vida dos colectivos fráxiles, así como promover a igualdade de xénero, a convivencia intercultural e a educación en valores.**Máis información:** Obra Social Fundación La Caixa.http://obrasocial.lacaixa.es/convocatorias/proyectoaccionsocial_es.html

Subvenciona:

Coa colaboración de: